



BASES DA PROMOCIÓN DO XII CERTAME DE MICRORRELATOS FEIRACO. LETRAS GALEGAS 2024

1. ORGANIZADOR E OBXECTO DA PROMOCIÓN

FEIRACO LÁCTEOS SL (en adiante FEIRACO), domiciliada en Ames (A Coruña), en Lugar de Arufe, s/n, parroquia de San Lourenzo de Agrón, s/n, e con número de identificación fiscal B-15996929, co fin de promover o coñecemento, o uso e a divulgación do idioma galego, realizará, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, unha promoción de ámbito autonómico centrada en dúas categorías: categoría xuvenil (nos centros educativos de secundaria e bacharelato) e categoría adulta (aqueles persoas de 18 anos en diante) que desexen participar.

2. ÁMBITO TERRITORIAL E PERSONAL

O ámbito territorial da promoción comprende a comunidade autónoma de Galicia. Poderán participar na promoción todos aqueles alumnos e alumnas de secundaria e bacharelato (persoas de 12 anos en diante) a través dos centros educativos de Galicia nos que estean matriculados e tamén aquelas persoas maiores de 18 anos que desexen participar na categoría de adultos.

3. DURACIÓN

Nesta convocatoria establecemos dúas categorías de participación: a categoría xuvenil e a categoría de adultos. O certame, na categoría xuvenil, desenvolverase dende o 15 de abril ao 18

de maio de 2024, ambos os dous inclusive, período no que permanecerá aberta a recepción dos textos. Na categoría adulta, o certame desenvolverase do 23 de abril ao 18 de maio de 2024.

4. PREMIO DA PROMOCIÓN

Ambas as dúas categorías terán tres premios: o primeiro premio constará dun lote de produtos FEIRACO, un ano de libros en galego e un agasallo especial (a vaca suxeitalibros de FEIRACO); o segundo premio consta dun lote de produtos FEIRACO e un ano de libros en galego; e o terceiro premio consta dun lote de produtos FEIRACO e unha selección de libros de Luís Villalta.

5. FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Optarán aos premios deste certame todos aqueles alumnos de centros educativos ou adultos de +18 anos que escriban e remitan un relato breve con 500 palabras como máximo, orixinal do autor e escrito en galego. A temática é libre, coa única condición de que a historia comece coa frase “Púxenme a escutar”.

No caso da categoría xuvenil, o profesorado de cada centro seleccionará o mellor relato de cada





curso entre todos os presentados polos alumnos, e subiranse os escollidos de cada curso en formato PDF á web <https://leiteratura.feiraco.es/> onde debe cubrir ademais un sinxelo formulario de contacto. En canto á categoría de adultos, o autor ou autora tamén deberá subir o seu relato en PDF á web <https://leiteratura.feiraco.es/>.

6. ENTREGA DO PREMIO

Un xurado, formado por persoal de FEIRACO Lácteos e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, será o encargado de seleccionar os relatos gañadores. Haberá un gañador por cada categoría. O xurado valorará os textos presentados de acordo con tres criterios. Cada un destes criterios recibirá unha puntuación por separado de 1 a 10 puntos, sendo 10 o máximo da puntuación obtida en cada caso. A puntuación final realizarase a partir da suma das valoracións parciais:

- A orixinalidade e creatividade da historia (1-10 puntos) equivale ao 50 % da nota final.
- A coidada redacción (1-10 puntos) equivale ao 25 % da nota final.
- O uso correcto da lingua galega, de acordo coas vixentes normas morfolóxicas e ortográficas aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003 (1-10 puntos), equivale ao 25 % da nota final. A decisión do xurado será inapelable.

O venres 24 de maio, vía telefónica ou por correo electrónico, contactarase cos colexios gañadores do certame cos gañadores da categoría de adultos para a aceptación do premio. Posteriormente daranse a coñecer os relatos gañadores na páxina web de FEIRACO e nas súas redes sociais.

7. CONDICIÓNNS E RESERVAS

FEIRACO descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Este concurso organízase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todos os estudiantes, e premiar a fidelidade en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da boa fe. Por ese motivo, FEIRACO excluirá de xeito automático e inmediato calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conducta mendaz ou inadecuada, empregue medios fraudulentos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos. No caso de que as irregularidades, ou calquera outras, se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, FEIRACO resérvese o dereito de exercitar as accións legais pertinentes contra o seu autor ou responsable, entre outras, a devolución do premio.





FEIRACO resérvase o dereito a efectuar cambios na promoción durante o seu desenvolvemento se se producise algunha causa que impida realizala ou co fin de mellorar o seu avance. Se isto acontecese, estas modificacións publicaranse a través das mesmas canles de comunicación e todos os participantes someteranse a elas.

Os premios da promoción non se poderán substituír por outros por petición do gañador, nin se poderán cambiar polo seu valor en metálico. FEIRACO resérvase, en calquera caso, o dereito a mudar os elementos da promoción por outros de igual ou superior valor cando concorra xusta causa ou de forza maior e, ademais, tamén se reserva o dereito a anular, suspender ou modificar a promoción se, por causas técnicas ou de calquera outra índole allea á súa vontade, esta non puidese cumplir co normal desenvolvemento da promoción, segundo o estipulado nas bases. Para o non previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, rexerá a normativa legal disposta que sexa de aplicación. Os baleiros ou dúbidas integraranse conforme a boa fe, aos usos comerciais e técnicos que resulten axeitados e aos principios xerais do Dereito.

FEIRACO resérvase o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin

os participantes nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases. Terán a condición de suplentes os participantes clasificados inmediatamente despois das persoas premiadas, por orde de puntuación.

8. TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS

Os datos de carácter persoal que faciliten os participantes neste concurso serán tratados segundo o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento, así como no Regulamento xeral europeo de protección de datos.

As persoas participantes coñecen e consenten de xeito inequívoco que os seus datos persoais sexan tratados por FEIRACO LÁCTEOS, que os usará e tratará sen que xere ningún tipo de remuneración, conforme ao previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, coa finalidade de realizar cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso.

Non obstante, este dereito poderá ser revogado no momento en que o participante o estime oportuno.

tratamento e portabilidade.





Para exercelo, o participante terá que dirixirse a Lugar de Arufe, s/n, Ames (A Coruña), e identificarse de forma fidedigna, para verificar a súa identidade e non poñer en risco a súa privacidade e confidencialidade; ou ben a comite.privacidad@clun.es. En calquera caso, o tratamento da información facilitada restrinxese ao obxecto de participar neste concurso.

Unha vez finalizada a promoción, os datos serán gardados para a eventual tramitación de reclamacións ou queixas ou, en último termo, ata que o participante exerza o seu dereito de cancelación, en consonancia coa facultade para acceder aos seus datos persoais, rectificar os inexactos ou solicitar a súa supresión cando estes xa non sexan necesarios. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obriga legal. Vostede ten en todo caso dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto mantense inalterable o seu dereito de acceso, cancelación, rectificación ou oposición.

9. PROPIEDADE INDUSTRIAL E INTELECTUAL

A persoa participante declara e garante ser a autora ou titular e dispoñer dos dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre o relato que comparte no concurso.

A persoa participante, ou quen a represente legalmente nos casos en que proceda, autoriza a FEIRACO á publicación do relato en todas as súas redes sociais e canles corporativas ou por calquera outro medio que decida FEIRACO Lácteos sen que poida opoñerse en ningún caso nin poida reclamar beneficio de calquera tipo por tal feito.

No caso de que FEIRACO decida imprimir pola súa conta, ou en colaboración con calquera organismo ou editorial, unha obra recompilatoria de todos oualgúns dos microrrelatos, o autor cédeelle a FEIRACO calquera tipo de dereito ou beneficio sobre tal obra. Neste caso, FEIRACO simplemente nomeará a cada un dos autores que inclúa nela. FEIRACO non se responsabiliza do contido, veracidade da autoría do relato enviado nin dos comentarios que fagan nel as persoas autoras ou usuarias.

10. PROPIEDADE INDUSTRIAL E INTELECTUAL

O envío da solicitude de participación na promoción implica que os centros educativos e as persoas interesadas aceptan a totalidade destas bases.

11. LITIXIOS

A lexislación que se aplica a estas bases





é a española. Os participantes, con renuncia expresa de calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela. Para os efectos de calquera notificación ou requerimento que resulte necesario efectuar por calquera causa relacionada ou derivada deste sorteo, entenderase como o seu domicilio o que aparezca reflectido na comunicación de participación nesta promoción.

